

AO PÉ DAS BURGAS

Marzo 2017. Número 1.

Xornal escolar do Colexio Plurilingüe San José

ENTREVISTA A JESÚS VÁZQUEZ, ALCALDE DE OURENSE

“Máis que político considérome docente, que é o que realmente me gusta”



Á volta das vacacións de Nadal, concretamente o 16 de xaneiro, tivemos a oportunidade de entrevistar o alcalde. Xuntámonos todos os alumnos de 1º de ESO no laboratorio, porque necesitabamos unha aula o suficientemente grande para os 56 que somos. Jesús Vázquez chegou ao colexio acompañado da súa xefa de prensa e, no tempo no que dura unha clase, respondeu amablemente a todas as nosas preguntas. Contounos o que máis lle gusta do seu traballo, falounos dos seus inicios na política e avanzounos algúns dos seus proxectos para este 2017.

Páxina 3

Falamos co orientador

“O clima de convivencia no noso colexio é bo, o número de sancións é moi baixo”

Páxina 2

O fenómeno youtuber chega a Josefinas

Xa temos alumnos que seguen os pasos de Auronplay ou 8cho

Páxina 4



Un libro, unha película, un disco, un aparello tecnolóxico...

Todo o que necesitas para o teu tempo de lecer, na nosa sección de recomendacións

Páxina 4

En Josefinas somos de...

Somos de Instagram, somos do Real Madrid (polo menos a maioría), somos de Educación Física e somos futeboleiros. Son algunhas das conclusións tiradas das máis de seicentas enquisas que realizamos aos alumnos do colexio San José durante o mes de febreiro. Redactamos varios cuestionarios diferentes, uns para Educación Primaria e outros para Secundaria. Aos máis


pequenos (de 3º de Primaria en diante) preguntámoslles pola súa materia e deporte favorito e aos maiores polas redes sociais que máis usaban e de que equipo eran. Algúns dos resultados foron sorprendentes, xa que percibimos que as matemáticas gustan moito nos primeiros cursos, pero logo pasan a ser unha das asignaturas máis odiadas.

Páxina 2



1. Rede Social


Mostra : 105 alumnos de secundaria



A rede máis usada é Instagram, xa que é a favorita da metade dos enquisados, moi de preto séguelle WhatsApp. Moi lonxe destas atópanse Youtube e Facebook. E por último Snapchat e Twitter que son as redes menos utilizadas entre o alumnado.

2. Asignatura

Mostra 188 alumnos e alumnas de 3º a 6º de primaria




A asignatura de Educación Física é a favorita entre o alumnado de Primaria. Aínda que pareza sorprendente, as matemáticas resultaron ser a segunda opción, incluso antes que plástica. Música e inglés empatan en votos no cuarto lugar.

EN JOSEFINAS SOMOS DE...

3. Deporte

Mostra 188 alumnos e alumnas de 3º a 6º de primaria



O fútbol arrasa. Tal e como cabía esperar, polo que se ve no patio nos recreos, o fútbol é o deporte rei tamén no noso colexio. Os futboleros son case o dobre dos que prefiren o baloncesto, que é a segunda opción. Xa máis lonxe atopamos ximnasia e natación.

4. Equipo

Mostra 144 alumnos de secundaria



Como vimos que o fútbol gañaba como deporte preferido, decidimos averiguar de que equipo é o alumnado de secundaria. Madrid e Barça estiveron moi apretados durante todo o proceso de recollida de datos, pero finalmente o equipo branco venceu. Entre os equipos galegos o Celta é o favorito e o Barbadás ten case tantos afeccionados coma o Dépor.

JOSÉ ANTONIO VILLARROEL HERRERO - ORIENTADOR

“A convivencia é boa, o número de sancións é moi baixo”

Que lle parece o comportamento dos nenos deste colexio?

En xeral, moi bo. O número de sancións é moi pequeno. Os docentes tentamos levar a cabo o Plan de convivencia dende Educación Infantil ata Secundaria. Dámoslle moita importancia ao tema da convivencia.

Como axuda vostede aos nenos?

Depende. En secundaria pode ser dende a vía do ensino-aprendizaxe, a través de plans de estudo, da vía da orientación vocacional con entrevistas persoais, grupais... En infantil dende a acollida diaria e estando moi pendentes da evolución do alumnado.

Cal é a función do seu traballo?

A función do meu traballo consiste no apoio e asesoramento á comunidade educativa: alumnado, profesores e familias.

Só axuda a xente deste colexio ou traballa noutros sitios?

Neste colexio traballo a xornada completa, pero puntualmente

colaboro con outras entidades sen ánimo de lucro dende o voluntariado.

Hai algún motivo en especial polo que quixera dedicarse a isto?

Sempre traballei con xente nova e gústame moito a ensinanza, así como atender as persoas que o necesitan.

Que consello lle darías aos nenos que están en secundaria a punto de rematar os seus estudos no colexio?

Só lles digo que se formen e que se centren nos estudos para poder incorporarse ao mercado laboral, e que se vaian co positivo do colexio.

Cre que debería ser diferente a educación de hoxe en día?

A sociedade é moi cambiante, polo tanto, a educación ten que adaptarse.

Cal é o seu soño para o futuro referíndose ao seu traballo?

Ser orientador require unha formación permanente, polo tanto, non perder o espírito de seguir aprendendo e servindo os demais

JOSÉ LUÍS GUEDE LOSADA - DIRECTOR

“A min tamén me mandaron ao despacho do director cando estudaba”

Que foi o que o motivou para ser director?

Nunca tiven aspiracións de ser director. Foi unha consecuencia dos anos que levo no colexio. Chegoume por designación, é un servizo que presto ao colexio. Hoxe estou eu, mañá estará outra persoa.

Cal é exactamente o traballo de director?

O traballo é máis complexo do que parece porque une organizar e dinamizar o centro. Un dos labores máis tediosos e esgotadores é a relación coa administración, o que nós chamamos burocracia, o papeleo; o papeleo come moitas horas e, se a iso lle sumamos as horas de clase, o traballo multiplicase.

Como se elixe o cargo?

Nós somos un centro concertado de titularidade de Siervas de San José. A titularidade designa unha persoa que é proposta no equipo directivo e no claustro e, unha vez aceptado o cargo, comezamos a traballar.

Ten pensado alguna reforma para o colexio, como o patio das monxas, que se podería habilitar para outros usos?

Todos os anos facemos reformas moi importantes cando o alumnado non está no centro. Algunhas vense e outras non. Por iso moitos dos nosos recursos económicos van destinados a reformas estruturais. Unha das principais foi a adaptación a secundaria, cando se implantou a ESO: facer o cuarto piso, onde estades vós agora. Outras son estéticas, como pintar ou cambiar o mobiliario. Non contemplamos facer ningunha no patio das monxas porque é delas. Unha cousa é a congregación e a súa residencia e outra distinta é o colexio.

Podería poñer armarios personalizados para as clases da ESO?

Temos falado alguna vez de poñelos, temos que facer un estudo, se é viable ou non, e logo o uso.

Sabemos que cada vez máis tanto os dispositivos móbiles como algún material de valor quedan nas aulas. Non o estamos contemplando inmediatamente, pero si o temos falado.

Vai haber excursións de durmir unha noite fóra?

Deixáronse de facer porque, as primeiras veces, non había sitio para todos pero, nos últimos anos, había que pedir por favor ao alumnado que se apuntase para cubrir as prazas. A que temos hoxe para Secundaria é o camiño de Santiago en 4º de ESO.

Cando era alumno, mandárono algunha vez o despacho do director?

Pois si, e iso que non era un alumno que se portase mal. Sentábame no fondo da aula e botáronme fóra por facer ruidos e molestar. O profesor era o meu adestrador de baloncesto e tiña moita confianza comigo, pero enfadouse porque non paraba e expulsoume para ir falar co director.



1º A:

Lidia Álvarez, Hugo Araújo, Bruno Barreiros, Iker Bringué, Javier Canal, Estefanía Carballás, Uxía Castro, Iria Fernández, Lucía Fernández, Hugo Fernández, David Fernández, Jorge García, Noemí González, Santiago López, Ainhoa Lorenzo, Atenea Méndez, Sara Pazos, Javier Quinteiros, Tatiana Quintas, Andrea Regueira, Lucía Regueiro, Pablo Rivela, Bruno Rivera, Alexandre Taboada e Leticia Vázquez.

1º B:

Marco Álvarez, Marcos Álvarez, Ainhoa Barreal, Saúl Barreiros, Marta Blanco, Damauris Cadavid, Álex Conde, Fernando Cota, Juan José Doallo, Andrea dos Anjos, Rodrigo Espinosa, Pedro Fernández, Andrea González, Paula Limia, Jaime López, Ainara López, Lorena Lorenzo, Ismar Martínez, Elena Miranda, Uxía Nogueiras, Sara Paz, Sofía Rodríguez, Alba Rodríguez, Uxía Salgado, Daniel Suárez, Brais Suárez e Soraya Vázquez.

Entrevista con Jesús Vázquez, alcalde de Ourense

“Que diríades se puidesedes cruzar o Miño nunha tirolina?”



Por que decidiu vostede presentarse á alcaldía?

Porque cando un pertence a unha organización política asume o reto de participar activamente, tratando de levar a cabo un traballo no que cre, de mellora de certos aspectos da sociedade. Fun deputado nas Cortes, tiven responsabilidade en Madrid, fun despois seis anos conselleiro e a alcaldía era un reto que me gustaba. Ademais, quero esta cidade e creo que podo achegar aínda moitísimas cousas para melloralala.

Como se sentía vostede nas eleccións?

Levo nove anos activo en política. Eu empecei a militar case na vosa idade nun partido, nos primeiros anos despois da ditadura, ou sexa, que esta non era a primeira elección na que participaba. Cando un se presenta ten que ser optimista e ir a por todas e ten que estar convencido para poder convencer os posibles votantes de que o que ti representas é ilusión. Por iso todos os días, durante as eleccións, levántaste cun chute de enerxía e optimismo, porque iso é o que queres transmitirle á xente á que lle vas pedir o voto.

De pequeno quería ser alcalde?

Non. De pequeno, a partir dos 15 ou 16 anos, gustábame moito a política, pero cando estudei Empresariais pensei que a miña ilusión era ter unha empresa. Cando acababa a carreira pensaba que o mellor que me podía pasar era traballar nunha multinacional, estar fóra da miña cidade, vivir en Londres, en Madrid, en Barcelona... Xusto nese último ano as circunstancias mudan, quedo aquí en Galicia, non pensaba que me ía dedicar á docencia e, un ano despois de traballar nun banco e asumir responsabilidades altas, tiven a sorte de poder acceder á universidade. De feito o que eu me considero realmente non é político; considérome docente, que é o que realmente levo no sangue e o que me gusta.

Que lle gusta do seu traballo?

Moitas cousas. O primeiro este trato, por exemplo, cos máis novos, o cariño que che amosa un rapaz de catro ou cinco anos que te reconece e saúda, moitas veces con máis efusividade que os maiores. Hai cuestións prácticas de dar servizo inmediato, dar resposta a necesidades das familias... pero tamén ten moitas cousas duras. O máis bonito é o trato coa xente.

En concreto, que fai vostede por nós?

Cada administración ten unhas competencias, pero a alcaldía ten que xerar un proxecto onde todos teñan cabida e onde poidamos desenvolvernos con todo tipo de recursos para que o día de mañá teñades futuro. Tratamos de desenvolver infraestruturas, de participar e desenvolver actividades no ámbito social para que ninguén se sinta excluído; de xerar un modelo educativo e cultural; de promover a cidade

para atraer turistas e crear emprego.

Ten pensado construír máis zonas de xogo ou infantil ou amañar as actuais que estean en mal estado. Por exemplo, algúns columpios do Xardín do Posío?

Si. Esa é unha das prioridades, o que pasa é que moitas veces tropezamos coa falta de orzamentos. Este ano imos tentar facer un gran parque na Alameda do Cruceiro. Para iso investiremos uns 600 ou 700.000 euros. O Posío sería o segundo parque que temos que ter en conta. A finais deste mes (febreiro) imos actuar na Alameda de Covadonga onde imos remodelar un parque para nenos de tres a seis anos e de seis en diante. É un barrio que necesita espazo de xogos. Igual que este o do 21, o de Santa Teresita... Temos tamén a previsión de construír un parque cuberto para os meses de inverno. A ver se somos capaces.

Vai crear algún lugar para os nenos, (parque acuático, Zoo, parque de atraccións)?

Non temos previsto crear parques acuáticos nin megaparques. A Xunta ten o compromiso de crear un gran parque acuático e de xogos en Monterrei; enorme. Si que hai unha serie de proxectos idóneos para esta cidade, que sexan sostibles sen necesidade de cobrar entradas. E despois hai varias iniciativas privadas que se saen adiante algún de vós levedes unha sorpresa agradable... que diríades se puidesedes cruzar o Miño nunha tirolina? (“Ooooh”) Hai ideas, pero non o concepto de parque como Warner ou Port Aventura porque é insostible, son miles, por non dicir centos de millóns de euros.

Cre que nos colexios se aprende menos que noutras épocas?

(Ri) Eu creo que se aprende doutra maneira. Memorizabamos máis. Na miña etapa collías os afluentes do Miño, e tacatacatá; as comarcas de Ourense, tracatracatracatrá... Para pode escribir con bolígrafo tiven que chegar a cuarto de primaria, ou a quinto... (“agora en terceiro”, apunta Mercedes, a titular); para utilizar unha calculadora tiñas que agardar a BUP. Non había robótica, non había internet... Eu non sei se era mellor ou peor, os modelos son distintos. Hoxe estudades moitísimo por ordenador, antes todo se baseaba no libro, escribías moito.

Que vai pasar co cárcere que está en fronte do noso colexio? Ten pensado darlle algún uso?

Está proxectado para que haxa un espazo termal, pero para facer un hotel balneario grande, con piscinas... necesitamos moito caudal de auga. O primeiro que hai que facer é analizar se hai caudal suficiente, sen fastidiar as Burgas. Actualmente estamos traballando para dar os primeiros pasos. Levamos así 20 anos e non se avanzou nada.

Que obxectivos ten o alcalde para 2017?

Gustaríame ter a capacidade de aprobar o PXOM e que nos uniramos todos para poder sacar as contas. O 2017, politicamente falando, pode ser un bo ano. Temos que traballar moi unidos para que non haxa un paso atrás coa estación intermodal e o AVE. Hai que sacar adiante proxectos como o do Museo Arqueolóxico; existen tres proxectos de museos, dous no casco histórico e outro que será o Centro de Interpretación do Gótico do Claustro de San Francisco na antiga capela. Agardamos en dous meses (marzo) abrir o novo hospital de Ourense e, nesta lexislatura, incluso dar un paso para ter unha nova unidade de consultas, un novo bloque a carón do actual. Pero, inicialmente, a min me gustaría ser quen de poder manter unida a oposición e que puidesemos traballar conxuntamente.

Como lle gustaría ver Ourense nun futuro?

Gustaríame ver unha cidade en crecemento, cunha estrutura poboacional equilibrada. Ourense é unha cidade con moitos maiores, e iso é unha riqueza, pero gustaríame que houbese máis nacementos. Para iso é necesaria unha cidade que xere riqueza, empregos. Gustaríame que fosemos unha capital de provincia sostible, feita para os cidadáns, o máis peonal posible; que houbese un polo industrial potente amparado no ámbito cultural, gastronómico, turístico, patrimonial, termal... de maneira que fosemos un referente.

“Temos a previsión de construír un parque cuberto para os meses de inverno”



Bota unha ollada ao vídeo da entrevista.

“Hai que apostar sempre a cabalo gañador”

Cal era a súa asignatura favorita?

Matemáticas.

Cal era a súa serie favorita de pequeno?

Curro Jiménez ou Sandokan. Cada vez que escoitabamos a música de Curro Jiménez íamos todos disparados para o televisor.

E o seu libro favorito?

Cien años de soledad, de Gabriel García Márquez.

Cal é o seu escritor galego preferido?

Blanco Amor. Creo que é do mellor que hai a nivel mundial. A súa narrativa é espectacular.

Cal é a súa película favorita?

Non teño, non son dunha película única.

Gústalle os videoxogos?

Nunca me gustaron. Da vosa idade o máis parecido que había aos videoxogos eran as máquinas de bólas, pero eu era máis do xadrez ou das cartas.

Ten redes sociais?

Teño redes sociais persoais e de traballo. Uso moito Facebook, Instagram e Twitter.

Cal é o seu deporte favorito?

De pequeno xogaba a balonmán, pero hoxe decantárame pola ximnasia.

Practica algún?

Non. O pouco que fago é camiñar e bicicleta estática na casa.

De que equipo é?

Do Real Madrid. Hai que apostar sempre a cabalo gañador.

Cal é a súa comida favorita?

O cocido galego, aínda que non debo.

Na súa casa cocina vostede?

Si cocino, aínda que actualmente moi pouco. Algunhas veces o domingo para deixarlle á miña parella algún prato feito, pero encántame cocinar, non me gusta tanto fregar ou pasar o ferro, e case sempre acabo co ferro nun dedo. Si que me gusta ir á compra e cocinar. Din que cocino ben.

Vive nunha casa ou nun piso?

Nun piso.

Gústalle os animais? Ten algún?

Gústame, pero non teño ningún. O mellor se tivese unha casa non me importaría, pero os animais requiren demasiado cariño e tempo e eu saio ás sete e media da mañá e chego ás once da noite. Na miña casa non hai quen os coide.

Que música escoita?

Igual que coas películas, non teño unha música preferida. Hai música que non me gusta como o heavy metal ou certo tipo de rock. Gústame certas pezas de música clásica, a zarzuela, a copla, o pop español e tamén, depende do momento, certa música galega, pero non son forofo dun cantante ou un grupo. Por exemplo non me gusta o flamenco. A miña parella é do sur e encántalle, pero eu non son capaz de atopar algo que me guste no flamenco.

Admira a alguén?

Sinto respecto por moitas persoas, pero admirar, admirar... Non teño unha figura pola que eu sinta admiración. Adorar, só se adora a Deus.

Se tivese que escoller entre diñeiro e saúde que escollería?

Saúde. Non bebades, non participades en botellóns, por favor! Non participades nese tipo de cuestións, que vos pasan factura. Quedádevos coas cousas boas desta vida. A saúde é o máis importante que hai.

Que tres cousas cre que veñen buscando os turistas a Ourense?

As Termas, a comida –como toda Galicia– e a parte patrimonial, o casco histórico con toda a beleza que ten.

Quitando Ourense, cal é a súa cidade favorita?

Quitando Ourense e quitando Ribadavia (que é a vila dos meus pais), gústame moito Londres. Pero creo que todas as cidades son fermosas, todas teñen o seu encanto.

O noso alcalde foi moi amable en prestarse a responder as nosas cuestións. O último que dixo foi: “Todas as cidades teñen o seu encanto”. Nós cremos que a mellor cidade do mundo é a nosa.

A febre YouTuber



8cho e Auronplay, os favoritos do alumnado das Josefinas

No mes de febreiro fixemos unha enquisa ao alumnado de 2º e 3º da ESO do colexio Josefinas, xa que nós —como alumnos de 1º e redactores deste xornal— non podiamos participar.

Á pregunta Sabes o que son os youtubers? o 100% dos enquisados respondeu que si, o que nos fai pensar que escollemos un bo tema para preguntar.

Na respostas á cuestión: Gustaríache ser youtuber de maior? vemos que, aínda que pareza que esta nova tendencia de YouTube vai crescendo e sendo cada vez máis importante, os mozos seguen crendo que é mellor concentrarse noutras cousas máis necesarias para a nosa vida cotiá.

Auronplay e 8cho empataron como favoritos do colexio na pregunta Que youtuber che gusta máis? Cada un deles recibiu un 26% dos votos. El Rubius, que é o que máis seguidores ten, foi terceiro co 21% seguido por Wismichu co 13%

Na cuarta cuestión, Tes canle de youtube? xa sexa porque os pais non os deixan ou porque teñen vergoña, o 82% do alumnado admitiu non ter.

Na quinta, demostramos que o alumnado é moi afeccionado aos deportes, xa que a maioría elixiu esta opción na pregunta Se tiveses unha canle de youtube, cal sería

o tema? Tamén houbo outras opcións como: música, retos, comedia, videoxogos e moda, ordeados de maior a menor interese.

A túa canle sería individual ou en grupo? Aquí observamos como os nenos e as nenas do noso colexio prefiren gravar vídeos cos seus amigos, familiares... en vez de gravalos sós.

A última pregunta foi: Se tiveses canle de youtube, intentarías concentrarte na túa canle ou no teu traballo? Obtivemos un moi bo resultado onde nos fixamos no intelixente e responsable que é o noso alumnado, ao elixir concentrarse máis no seu traballo que na súa canle.

... E a invasión do MINECRAFT

-Gústanche os videoxogos? E as redes sociais?








-Si!

-Pois entón podes visitar a canle dun rapaz de Ourense, un alumno do noso colexio. Chámase AlexGamer5 –PvP y Mas!

Recoméndochos porque ten contido interesante e sobre todo bastante orixinal.

Esta canle está especializada nun videoxogo chamado Minecraft. “O Minecraft para min é un dos mellores xogos do mundo”, di Álex Conde,

proprietario desta canle. Este xogo ten máis de cen mil millóns de descargas. “Hai diferentes modos de xogo, empezando polo máis fácil, o creativo. Neste modo non podes morrer e tes cantidades infinitas de materiais para construír cousas. No modo de dificultade media, o modo supervivencia, si que podes morrer e, se morres, perdes todos os recursos que tiñas. O modo hardcore ou modo extremo é o máis difícil de todos: se morres, non volves reaparecer no mundo que ti mesmo fixeches, senón que regresas ao menú principal, xa que só tes unha vida.”



CONSELLOS PARA CRECER EN YOUTUBE

- 1-Ser activo. A actividade é fundamental para estar entretendo os teus seguidores constantemente.
- 2-Subir contido chamativo, orixinal e innovador.
- 3- Ser carismático e divertido.
- 4-Esforzarse por crecer.
- 5-Poñerse metas, e dicir, propoñerse cousas nun prazo de tempo (exemplo: ter unha cantidade de seguidores cada mes)



RECOMENDAMOS...

UN TREBELLO

O **iWatch** de **Apple** é un reloxo peculiar que funciona coma un ordenador cun gran catálogo de aplicacións. Podes conectalo co teu **iPhone** mediante bluetooth, o que permite non ter que sacar móbil do peto e evitar riscos. O seu deseño é altamente estético e dá sensación de modernidade. A súa pantalla é moi resistente e terás que pórllle ganas para rompelo.

O que máis me gusta é que poidas realizar as funcións do teu móbil cun simple reloxo que podes levar a calquera parte con moita facilidade. Paréceme algo caro de máis e non llo recomendaría comprar á xente con pouco diñeiro.

UNHA PELÍCULA

Canta é unha película de animación moi divertida. Estreouse hai poucos meses e tivo moito éxito. **Buster Moon** é un koala que, para salvar o seu negocio, organiza un concurso de canto no que hai en xogo 100.000 dólares. Os personaxes que participan, todos do mundo animal, teñen que demostrar as súas dotes musicais e fano interpretando cancións moi boas de artistas como **Lady Gaga** ou **Taylor Swift**.

UN LIBRO

Recomendamos *Bajo la misma estrella*, de **John Green**. Conta a historia dunha rapaza que sofre unha enfermidade mortal e descubre o que é o amor. Este libro ten momentos moi tristes, pero tamén moi alegres. Del podemos aprender que a vida hai que vivirla ao máximo e gozar de cada momento. Tivo tanto éxito que incluso fixeron unha película.

UNHA CANCIÓN

A canción do ano 2016 do xénero pop foi “**Hymn for the weekend**”, de **Coldplay**. O vídeo, de catro minutos de duración, mostra os membros do grupo sendo perseguidos e bañados por cores, tal e como na **India** se celebra a **Holi**, a festividade da cor. Á nosa clase encántalle esta canción porque, a parte de que a letra é moi bonita, o videoclip é impresionante. Para nós é a mellor canción deste grupo tan innovador.

UN VIDEOXOGO

Para os amantes de **Star Wars** o mellor videoxogo é **Battlefront**. Coa nova edición para **PS4**, que inclúe o planeta **Scariff** —onde se construiu a primeira **Estrela da Morte**— poderás combater por toda a galaxia cos modos multixogador, escaramuza e as misións. Neste xogo podes personalizar o teu personaxe imperial e rebelde con xestos e moitas armas. Tamén poderás facer misións para **Jabba the Hutt** a cambio de armas e complementos. O hiperrealismo do xogo fará que te sintas como se estiveses dentro dunha das películas.

Caerás pola tentación do lado escuro ou polo lado luminoso...?

